

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 11 DE FEBREIRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Proxecto de lei de medidas en materia de proxectos de urxencia ou de excepcional interese.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de senda peonil, estrada AC-543, Santiago de Compostela – Noia, p.q. 0 + 000 ao 2 + 000, de clave AC/13/088.06.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se define a carteira de servizos sociais de inclusión.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I + D + I galego, por un importe total de oito millóns setecentos mil euros (8.700.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo fondo Social Europeo, por un importe total de sete millóns catrocentos trece mil euros (7.413.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre o inicio do procedemento de aprobación do Catálogo das paisaxes de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Orde pola que se determina a situación dunha nova estación fixa de inspección técnica de vehículos no Carballiño.
- Informe sobre a Estratexia de impulso ao cooperativismo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio da vacinación da varicela.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a aprobación das bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as vendas en lonxa.
- Informe sobre os danos ocasionados en determinados Portos de Galicia polas alertas meteorolóxicas de temporal no período decembro 2015-febreiro 2016.

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS EN MATERIA DE URBANISMO QUE PERMITIRÁ IMPULSAR PROXECTOS PÚBLICOS URXENTES E DE EXCEPCIONAL INTERESE PÚBLICO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta normativa, que permitirá dar unha solución áxil, eficaz e coa máxima seguridade xurídica aos proxectos de interese xeral que queden paralizados á espera dun novo plan urbanístico*
- *Esta normativa dará solución a casos como os dos proxectos urxentes paralizados en Vigo tras a anulación do seu PXOM*
- *O procedemento que diseña esta lei garante a autonomía municipal e que os proxectos reciban informe sectorialmente, prestando especial atención á avaliación ambiental*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. O obxectivo deste texto é proporcionar unha resposta áxil, eficaz e da máxima seguridade xurídica a aquelas situacións en que iniciativas de excepcional interese público quedan paralizadas pola necesidade de acometer modificacións nos instrumentos de ordenación.

En resumo, trátase de achegar solucións a aqueles proxectos que non poden ser paralizados ata a aprobación dun novo plan de ordenación urbanístico, que require sempre de tramitacións longas e complexas.

Así, a través deste instrumento, o Goberno galego poderá dar solucións a casos como os dos proxectos urxentes paralizados en Vigo tras a anulación xudicial do seu Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

O proxecto de lei diseña un procedemento que garante a autonomía municipal. Deste xeito, o informe do concellos será preceptivo e vinculante. Isto é, antes de iniciar a tramitación, pedirase informe ao goberno municipal afectado polo proxecto. Se este é desfavorable, a Xunta arquivará o procedemento.

Ademais, para contar con máis garantías no caso de que un proxecto sexa aprobado, o Concello poderá acordar a suspensión das obras no caso de que non se siga o procedemento establecido neste texto ou no caso de que os traballos non se estean axustando ao proxecto presentado.

O texto aprobado hoxe garante tamén que as iniciativas reciban informe sectorialmente, de acordo coa lexislación aplicable. Respectaranse, particularmente, os procedementos previstos na normativa vixente en materia de avaliación de impacto ambiental.

Outro dos aspectos destacables da norma é que, co fin de respectar as resolucións xudiciais, establece que se inicie, simultáneo á aprobación do proxecto, o procedemento para acomodalo á ordenación urbanística correspondente. Desta forma, salvagardaranse os intereses xerais ao mesmo tempo que se impulsan aqueles proxectos urxentes e de interese público; e respectaranse as resolucións xudiciais dándolles cumprimento ao acometer as modificacións urbanísticas.

Coordinación cos concellos

O texto aprobado hoxe deseña tamén o procedemento necesario para impulsar estes proxectos urxentes. Segundo este, será o órgano promotor o encargado de dar traslado da dita iniciativa á consellería competente por materia, que será a que deba iniciar o procedemento para declaralo urxente ou de interese público. Precisarase dun expediente detallado e dunha xustificación rigorosa das razóns de urxencia e excepcional interese.

Estes proxectos e a súa xustificación serán remitidos ao Concello, para que emita un informe en 10 días sobre os intereses locais. Se a postura da entidade local é desfavorable, o Goberno autonómico arquivará o procedemento. No caso de ser favorable, a tramitación seguirá o seu curso e pasará á consellería competente en materia en urbanismo, neste caso, a de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Este departamento terá que ocuparse de solicitar con carácter de urxencia os informes preceptivos de acordo coa lexislación sectorial aplicable, destacando moi especialmente o da avaliación do impacto ambiental, se a normativa o exige. Unha vez obtida esta documentación, elaborará o proxecto á Comisión Superior de Urbanismo, que se pronunciará sobre os aspectos urbanísticos. Posteriormente, e rematado este procedemento, a Consellería de MOT devolverá o expediente ao departamento competente na materia, que o elevará ao Consello da Xunta, o cal o aprobará, se procede, e ordenará, ao mesmo tempo, a modificación urbanística que sexa necesaria para dar cumprimento ás resolucións xudiciais.

Segundo recolle o proxecto de lei aprobado hoxe, o acordo do Consello será inmediatamente executivo e habilitará os promotores para iniciaren as obras. A aprobación implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados.

Para ofrecer aínda máis garantías, o concello poderá acordar a suspensión das obras se estas se pretenden levar a cabo sen seguir o procedemento ou se non se axustan ao proxecto aprobado.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NO TREITO QUE UNE LARAÑO E VIDÁN CON SANTIAGO NA ESTRADA AC-543

- *A actuación será licitada neste mes de febreiro e ten un prazo de execución de 12 meses, cun orzamento de preto de 600.000 euros*
- *Facilitarase a mobilidade dos peóns entre a capital de Galicia e os núcleos da contorna, mellorando a calidade de vida dos cidadáns ao facilitar os desprazamentos, que se realizarán en condicións máis seguras*
- *O inicio da actuación sitúase na parroquia de Vidán, concretamente na rotonda que une a estrada coa avenida da Mestra Vitoria Míguez e a rúa Ponte Vella*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se publica e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil no treito que une as parroquias de Laraño e Vidán con Santiago de Compostela. Esta actuación comprende a expropiación das 16 leiras necesarias para a execución desta infraestrutura nos dous primeiros quilómetros da estrada autonómica AC-543.

O levantamento de actas previas realizarase no segundo trimestre de 2016 e a licitación das obras, que contarán cun prazo de 12 meses, realizarase nas vindeiras semanas.

O proxecto define unha senda peonil dun largo mínimo de 1,5 metros na marxe dereita da estrada AC-543 ao longo de dous quilómetros, que comunicará os núcleos de Laraño e Vidán coa área urbana de Santiago, ademais de dous pequenos treitos na marxe esquerda.


Esta actuación iniciarase na rotonda en que conflúen a AC-543 coa avenida da Mestra Vitoria Míguez e a rúa Ponte Vella, e finaliza na rotonda de Laraño.

As accións contarán cun orzamento de 600.000 euros e a cantidade estimada para as expropiación é de algo máis de 31.000 euros. A obra contará co cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

Neste treito da estrada localízanse un gran número de vivendas e negocios situados nas dúas marxes, o que ocasiona un elevado tránsito de peóns que na actualidade circulan sen as condicións desexables de seguridade. A novas sendas facilitarán a mobilidade dos peóns entre a capital de Galicia e os núcleos da contorna, mellorando a calidade de vida dos cidadáns ao facilitar os desprazamentos, que se realizarán en condicións máis seguras.

O proxecto enmárcase nun conxunto de plans e programas que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda está actualmente a desenvolver cos cales se pretende favorecer a sustentabilidade ambiental reducindo a utilización dos vehículos privados, tanto mediante o fomento do transporte colectivo ou público coma coa execución de infraestruturas que favorezan a utilización de formas alternativas de transporte, menos contaminantes, como as que se desenvolverán a raíz deste proxecto.

Nos seguintes planos amósase o trazado polo cal se desenvolverán as citadas sendas peonís.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE CARTEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS DE INCLUSIÓN

- *Trátase da primeira carteira específica para este fin, polo que representa un modelo normativo pioneiro e único en España*
- *Coas novidades introducidas, supérase o modelo de atención baseado en programas e equipamentos e adóptase un modelo orientado ás persoas*
- *Na elaboración participaron os principais axentes sociais e profesionais do Sistema galego de servizos sociais, así como os diferentes niveis da Administración*

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo o Decreto de carteira de servizos sociais de inclusión, que define o conxunto de servizos e prestacións económicas destinadas a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social. Trátase da primeira carteira específica de servizos sociais de inclusión no territorio do Estado, que ademais supera o modelo de definición dos servizos baseado nos equipamentos. Esta nova ferramenta de traballo adopta, así, un enfoque baseado na persoa, considerando os factores que provocan a dinámica de exclusión e sistematizando o conxunto de servizos e prestacións económicas. O decreto aprobado hoxe é o resultado dun proceso en que participaron os principais axentes sociais e profesionais do Sistema Galego de Servizos Sociais, incluíndo os diferentes niveis da Administración e axentes especializados, o que permitiu o coñecemento e estudo en profundidade da actual oferta de servizos, así como a identificación de novas necesidades.

Os obxectivos da carteira pasan por establecer o marco de referencia para o Sistema galego de servizos sociais de inclusión, acadar a optimización máxima das infraestruturas e garantir uns estándares mínimos de calidade na configuración dos servizos, así como a sustentabilidade dos servizos sociais da nosa comunidade.

A carteira estrúcturase en dúas grandes áreas: unha primeira de servizos, que inclúe a prevención e primeira atención con que se informa e asesora os usuarios; os servizos de atención ás necesidades básicas como a provisión de alimentos; e os servizos de atención integrada en inclusión sociolaboral, inclusión en procesos terapéuticos ou inclusión residencial, entre outros servizos. A segunda área recolle as prestacións económicas en que se inclúen a renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e as axudas de inclusión social (AIS).

Este modelo, único en España, vértase a través de catro carteiras diferentes que atinxen ás principais áreas das políticas sociais: a carteira de servizos sociais para as persoas en situación de dependencia, a destinada ás persoas maiores ou con discapacidade con autonomía, a de familia e infancia e a de inclusión.

Novidades na carteira de inclusión

A carteira contén numerosas novidades para acadar o máximo benestar posible dos galegos e galegas que máis o precisan. Deste xeito, considera a formulación de servizos complexos que combinan dun xeito estratéxico prestacións para atender integralmente as necesidades das persoas e acadar un maior rango de impacto. Para isto, establece un servizo global de inclusión residencial, que ademais de atender persoas en risco serio de perda da vivenda habitual, poderá destinarse a persoas que estean a participar en procesos de inclusión sociolaboral e a aquelas con dificultades de acceso ou mantemento dunha vivenda. Tamén se prevé a posta en marcha do servizo de apoio á inclusión en procesos terapéuticos que recolle unha atención específica de carácter sociolaboral como complemento de procesos de intervención sanitaria.

Outra das novidades é a formulación de novos servizos para dar resposta a carencias detectadas. Así, ofrecerase un servizo de acollida básica para ofrecer un recurso residencial de media-longa estadía a persoas en situación de grave deterioración persoal e social que inclúe a non disposición efectiva de fogar; ademais dun servizo de atención urxente dirixido a dar resposta inmediata a unha situación de emerxencia social, que se produza fóra do horario de funcionamento dos recursos do sistema e dun servizo de formación adaptada, concibido como acción positiva de carácter metodolóxico que se dirixe a compensar nos procesos de formación as desvantaxes asociadas a factores de vulnerabilidade.

A carteira de inclusión incorporará unha sección para a atención sociolaboral a persoas con patoloxía mental crónica clinicamente estabilizada, a formulación de servizos con enfoque territorial (a través da intervención comunitaria en territorios en exclusión), a apertura de vías para a innovación ao incorporar como opcionais prestacións como a mediación social e intercultural, a busca de vivenda alternativa, a perrucaría unida a prestacións de hixiene ou a canceira no servizo de atención nocturna; e as melloras cualitativas en servizos xa existentes.

Apoio decidido á inclusión

Esta iniciativa inscríbese na decidida aposta do goberno autonómico por apoiar ás persoas en risco de exclusión social. Proba deste compromiso é o incremento dun 20,73% no ano 2016 dos orzamentos globais de inclusión, chegando así aos 86,5 millóns de euros.

En concreto, a partida para a Risga ascende a 52,7 millóns de euros, 5 millóns máis que o orzamento inicial do 2015 e neste ano duplicouse o orzamento da orde de entidades, que pasou dos 3,9 millóns de euros do ano 2015 aos 7,3 millóns reservados para o presente exercicio. Ademais, tamén se duplicaron as partidas

económicas destinadas a programas de inclusión por parte dos concellos, pasando dos 1,7 millóns do ano 2015 aos 3,4 millóns de euros neste 2016.

O GOBERNO GALEGO INXECTA MÁIS DE 16 MILLÓNS DE EUROS NA POTENCIACIÓN E CONSOLIDACIÓN DA CARREIRA CIENTÍFICA DOS INVESTIGADORES, O MAIOR INVESTIMENTO DA HISTORIA NESTA MATERIA

- *Cun incremento da contía nun 26 por cento con respecto ao ano anterior, a Xunta reafirma o seu compromiso coa formación de investigadores nas etapas iniciais da súa carreira, coa formación na excelencia, coa permanencia do talento no Sistema de I+D+I galego e co desenvolvemento da súa carreira investigadora*
- *Nos contratos posdoutorais increméntanse ata un 8 por cento os salarios, cuxo importe máximo se sitúa nos 43.500 euros anuais fronte aos 40.000 euros anteriores*
- *A maiores deste salario, inclúese por primeira vez unha dotación de 20.000 euros para que os científicos retornados poidan abrir a súa propia liña de investigación e, deste xeito, consolidar a súa traxectoria científica*
- *O apoio á formación predoutoral está dotado con 7,4 millóns de euros para a formalización de 100 contratos e inclúe, como novidade, unha axuda de ata 4.500 euros para estadas de tres meses no estranxeiro que permita aos investigadores e investigadoras que o soliciten acadar o doutoramento internacional*
- *Na procura de acadar sinerxías, este ano realízase por primeira vez unha convocatoria conxunta entre as consellerías de Cultura e Educación e de Economía e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN)*

A Xunta de Galicia inxectará un total de 16,1 millóns de euros na formación, potenciación e consolidación da carreira científica de 175 investigadores e investigadoras galegos no período 2016-2019. Esta contía representa o maior investimento da historia de Galicia neste campo, cun incremento de preto do 26 por cento con respecto ao orzamento da anterior convocatoria de 2015, o que reflicte o compromiso do Goberno galego pola investigación como un dos piares do desenvolvemento económico de Galicia.

Tal como aprobou hoxe o Consello da Xunta, o apoio á investigación materialízase a través de dúas liñas de actuación que permitirán a formalización dun total de 175 contratos científicos: unha para a etapa predoutoral (con 100 contratos) e outra para a posdoutoral (75 contratos).

Co fin de acadar sinerxías, este é o primeiro ano que se realiza unha convocatoria conxunta de ambas as liñas por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía e Industria.

A axudas van dirixidas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia, e aos

Centros do CSIC e o IEO establecidos na comunidade autónoma, que empreguen as persoas seleccionadas, a través dun contrato laboral a tempo completo (no caso das postdoutorais); ou que coloquen persoas tituladas superiores para a súa formación como doutores e doutoras nos seus centros (no caso dos predoutorais).

Formación predoutoral

A través da convocatoria de contratos predoutorais, o Goberno galego reafirma o seu compromiso coa formación do persoal investigador nas etapas iniciais da súa carreira, sendo conscientes da súa importancia na configuración da política científica.

De acordo con isto, o Consello da Xunta de hoxe autorizou a convocatoria de axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral 2016, dotada con algo máis de 7,4 millóns de euros (fronte aos 6,3 da última convocatoria) e que permitirá a formalización de 100 contratos científicos por un período de tres anos e que se dividen en dúas modalidades.

A principal novidade reside en que no segundo ano de contratos os investigadores seleccionados poderán realizar unha estadía de tres meses no estranxeiro e, deste xeito, acadar o doutoramento internacional. É dicir, que ademais dos contratos que oscilan entre os 20.500 e os 23.500 euros/ano, recibirán ata 4.500 euros máis para financiar estas estadias.

Ao abeiro da **modalidade A)** habíltanse 57 prazas para persoal investigador que desenvolva proxectos en liña cos retos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 e que a persoa encargada de dirixir a proposta estea integrada nun grupo ou agrupación estratéxica do SUG, entre outros. Nestes casos, o importe dos contratos ascende a 23.500 euros anuais durante os tres anos que dura o contrato.

No caso da **modalidade B)**, convócanse 43 contratos de tres anos de duración e cunha contía salarial anual de 20.500 euros. Nesta modalidade introdúcese por primeira vez a garantía de representación de todas as ramas do coñecemento coa reserva do 50 por cento de prazas para as áreas de Artes e Humanidades e para Ciencias Sociais e Xurídicas, que ata o de agora non se recollía.

Apoio á formación posdoutoral

O Goberno galego establece unha contía de 8,7 millóns de euros para o apoio á formación posdoutoral de 75 investigadores doutores a través de dúas modalidades. O obxectivo destas axudas é fomentar que as institucións e entidades que configuran o I+D+I en Galicia contraten persoal doutor co obxecto de mellorar a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitar, ademais, o seu reingreso no Sistema universitario galego.

A **modalidade A** consiste no financiamento dun contrato de dous anos de duración para que o persoal investigador amplíe a súa especialización no estranxeiro, nos centros de máis prestixio internacional; e a súa reincorporación á Galicia mediante un contrato de retorno dun ano de duración. Esta é a convocatoria máis importante realizada ata o momento, dotada con 6,8 millóns de euros (cun incremento do 16 por cento nesta modalidade, sobre os 5,7 millóns da anterior convocatoria).

O incremento da contía xeral para esta modalidade reflíctese tamén nun incremento do salario de cada contrato (cuxo importe máximo é de 43.500 euros fronte 40.000 euros establecidos ata o de agora), que sobe entre un 3 e un 8 por cento en función do país de destino do investigador en cuestión.

Ao abeiro desta modalidade convócanse 55 contratos dos cales, inicialmente, 50 se reservan para unha universidade do SUG e os 5 restantes para os demais organismos, aínda que tanto as prazas coma os créditos poden ser redistribuídos en función do volume de solicitudes e das puntuacións acadadas na avaliación.

Como novidade, este ano convócase por primeira vez unha **modalidade B** -con 20 prazas e dous anos de duración- para a continuación da súa formación e o afianzamento dunha traxectoria investigadora propia no caso daquelas persoas que obtiveron unha praza nunha universidade do SUG na convocatoria de 2012 dentro do plan I2C. É dicir, que os científicos que se atopen neste caso poidan abrir a súa propia liña de investigación de xeito independente e, deste xeito, garantir a continuidade da súa carreira investigadora. Para tal fin, a maiores dos 37.000 euros anuais por contrato durante dous anos, recibirán outros 20.000 euros de apoio a esas liñas propias.

Balance dos últimos catro anos

A convocatoria dos contratos predoutorais e posdoutorais que hoxe aprobou o Consello da Xunta é un paso máis na política de afianzamento da carreira científica dos nosos investigadores.

No período 2011-2014, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria concedeu un total de 387 prazas de contratos predoutorais con tres anos de duración, o que supuxo un investimento de máis de 23,5 millóns de euros por parte deste departamento.

No que atinxe á formación posdoutoral, no período 2012-2014, a Consellería investiu un total de 20,6 millóns de euros que permitiron a formalización de 236 contratos deste tipo.

A día de hoxe hai en vigor un total de 147 contratos predoutorais e outros 133 contratos posdoutorais.

O CONSELLO DA XUNTA DA O VISTO E PRACE AO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA, QUE RECOLLE 207 ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o borrador deste documento técnico, que poderá ser examinado polas persoas interesadas durante dous meses*
- *O Catálogo identifica os tipos de paisaxe, analiza as causas e estado actual desta, e delimita as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP)*
- *Entre outros contidos relevantes, o documento crea tamén un inventario de 444 miradoiros*
- *A participación pública foi fundamental na elaboración do Catálogo e, de feito, 66 das 207 AEIP foron identificadas exclusivamente a través das achegas cidadás*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace ao seguinte paso na tramitación do Catálogo das paisaxes, que se someterá agora a información pública durante un período de dous meses, antes de proceder á súa aprobación mediante decreto.

O Catálogo é un documento técnico que inclúe a identificación dos tipos de paisaxe; a delimitación das unidades de paisaxe; o inventario dos valores paisaxísticos presentes en cada área; a análise das causas e o estado actual das paisaxes; e a delimitación de áreas de especial interese paisaxístico (AEIP).

Para avanzar na súa elaboración, concedeuse unha grande importancia á participación pública, implicando os cidadáns desde a primeira fase e facendo uso das novas tecnoloxías para incrementar a capacidade da poboación de expresar as súas perspectivas. Realizáronse doce talleres, así como oito obradoiros específicos. A información recollida nestes encontros completouse coa obtida a través da plataforma web. En total, os cidadáns identificaron un total de 2.096 lugares de interese paisaxístico, 407 áreas degradadas e 995 valores paisaxísticos.

A base de que se partiu para estruturar o catálogo foi o Mapa de grandes áreas paisaxísticas, que divide o territorio en 12 grandes áreas e 50 comarcas paisaxísticas.

A partir de aquí, o catálogo delimitou 258 tipos de paisaxes, que resultan da combinación de cinco clases de rexións xeomorfolóxicas (relevo), doce clases de cobertoira do solo, e cinco clase de termotipos (bioclima). Dentro destes 258 tipos, detectáronse 28.350 unidades de paisaxe, que son aquelas áreas cun tipo de paisaxe homoxénea.

Ademais, o documento tamén inclúe outros contidos, como a análise da visibilidade, que determina as zonas de maior exposición visual e das zonas de maior potencial de vistas. Deste xeito, crea un inventario de 444 miradoiros.

Con todo, un dos aspectos máis relevantes do Catálogo é que establece as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP), que se definen como aquelas zonas en que concorren diversos e notables valores paisaxísticos.

Para clasificalas, usouse como base un total de 2.827 lugares de especial interese, dos cales 2.096 foron identificados pola poboación e 731 polo equipo técnico. Logo dunha análise, deron como resultado as 207 AEIP seleccionadas, que abarcan máis de 250.000 hectáreas. Cabe destacar que en 171 destas 207 AEIP a poboación identificou algún lugar, e que 66 delas foron sinaladas exclusivamente a partir do proceso de participación pública.

Directrices e atlas

Este documento é a primeira fase dun obxectivo máis ambicioso. De feito, o catálogo servirá de base para a elaboración das Directrices da paisaxe, nas cales xa se está traballando. Ambos os documentos xuntos constituirán o atlas das paisaxes de Galicia, que dará soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, así como aos estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais nesta materia.

En definitiva, o Catálogo senta as bases para a xestión da paisaxe, establecendo criterios e metodoloxía. Ademais, cumpre outro obxectivo fundamental, que é a concienciación e sensibilización da sociedade.

A XUNTA IMPULSA UNHA NOVA ESTACIÓN ITV NO CARBALLIÑO QUE SUMA UN INVESTIMENTO DE CASE 1 MILLÓN DE EUROS

- *A infraestrutura suporá unha nova liña de inspección que estará activa a finais de 2016 e permitirá a creación de 4 empregos*
- *A estación atenderá 5.000 vehículos no primeiro ano co obxectivo de chegar ata os 14.000 no 2020, contribuíndo a garantir a seguridade e o respecto ao ambiente do parque móbil galego*
- *Tras a finalización dos traballos, a ITV galega contará con 26 estacións fixas e 10 móbiles en Galicia sumando un investimento de máis de 9 millóns no período 2010-2016*
- *As tarifas da ITV suman tres anos consecutivos de baixada e acumulan un descenso neste tempo de máis de 2 puntos*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o proxecto da nova estación que a empresa Supervisión y Control, concesionaria da ITV na Comunidade, instalará no concello ourensán do Carballiño. Esta infraestrutura, que estará activa a finais de 2016, sumará un investimento próximo ao millón de euros contribuíndo a mellorar o servizo prestado á cidadanía e o correcto funcionamento do parque móbil galego.

Neste sentido, a estación do Carballiño, que contará cunha nova liña de inspección, prevé iniciar a súa actividade atendendo, no primeiro exercicio, arredor de 5.000 vehículos. Unha cifra que se ampliará progresivamente ata acadar as 14.000 inspeccións anuais no ano 2020.

Grazas á nova infraestrutura, os cidadáns verán reducidas as distancias que terán que percorrer para pasar as inspeccións técnicas dos seus automóbiles, así como os tempos de espera. Ademais, a estación supón tamén unha oportunidade de impulso da economía local permitindo a creación de 4 postos de traballo.

Así, e tras a finalización dos traballos, Galicia disporá de 26 estacións fixas, 10 móbiles e 88 liñas de inspección que facilitan e garanten que os coches que circulan polas estradas da Comunidade cumpren cos parámetros de seguridade e respecto ao ambiente de forma rigorosa, ao mesmo tempo que se impulsa a competitividade empresarial.

Neste contexto, o investimento previsto no Carballiño súmase aos máis de 8 millóns do período 2010-2015. Así, nestes anos impulsáronse actuacións como a ITV de Bueu, a ampliación da de Vilalba, as novas estacións móbiles de agrícolas e de lixeiros, ou o laboratorio de frío da ITV de Espírito Santo en Sada. Ademais, ao longo deste exercicio comezarán a operar dúas novas estacións: a de Santiago, ubicada no polígono da Sionlla; e a de Nigrán, no Porto do Molle.

Así mesmo, cómpre salientar que as tarifas da ITV en Galicia para este ano 2016 rexistran unha nova baixada de prezos para a revisión das distintas categorías comprendidas. Trátase do terceiro exercicio consecutivo de descenso de prezos, cunha redución no conxunto dos tres anos de máis do 2%, o que fai máis accesible as inspeccións para un bo funcionamento do parque móbil da Comunidade.

A XUNTA IMPULSA O COOPERATIVISMO CUNHA NOVA ESTRATEXIA PARA POTENCIAR A SÚA COMPETITIVIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

- *Fomentará a cultura cooperativa, o emprendemento e autoemprego, a mellora da xestión e competitividade, o financiamento e a colaboración institucional*
- *A Estratexia, que se desenvolverá ata 2020, busca incrementar o tamaño das cooperativas para dotalas dunha maior capacidade industrial e loxística que lles axude a competir*
- *Ampliá o coñecemento do cooperativismo nos niveis superiores do sistema educativo e investigador apoiando a formación na FP e entre o profesorado*
- *Afianzará a presenza desta fórmula empresarial en todas as políticas de emprego apostando pola creación de cooperativas entre a mocidade e as mulleres e favorecendo unha maior presenza das socias nos órganos de dirección*
- *Fomentará procesos de innovación tecnolóxica, ambiental, social e cultural e impulsará a apertura de mercados ás cooperativas*
- *Facilitarase o acceso a instrumentos financeiros e estudarase a simplificación dos trámites administrativos*
- *O documento elaborado coas achegas do sector consensuarase agora cos axentes*

A Xunta acaba de iniciar o procedemento para a aprobación da nova Estratexia para o impulso do cooperativismo galego 2016-2020, que inclúe un total de 87 medidas co obxectivo de potenciar a competitividade e a internacionalización deste sector que ao longo da crise económica demostrou a súa fortaleza e solidez e seguiu crescendo.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria acaba de elaborar esta iniciativa, que contou coas achegas do sector e a partir de agora consensuarase cos axentes. O cooperativismo é un sector que na actualidade aglutina preto de 90.000 socios (un de cada doce fogares galegos conta cun membro que é cooperativista) e dá emprego directo a máis de 10.000 persoas, cifra que se duplica se se teñen en conta os empregos indirectos e inducidos.

A Estratexia responde a 20 obxectivos divididos en 5 áreas: a cultura cooperativa; o emprendemento e autoemprego; a mellora da xestión e competitividade; o financiamento; e a colaboración institucional. As medidas teñen por obxecto, entre outros, reforzar a formación no ámbito educativo, afianzar a presenza do cooperativismo en todas as políticas de emprego, fomentar esta fórmula empresarial entre as mulleres e a mocidade e impulsar os procesos de innovación e mellora da competitividade.

Deste xeito, impulsárase o cooperativismo en todos os niveis do sistema educativo e investigador favorecendo a formación entre o alumnado de FP e potenciando plans de

formación entre o profesorado. Así mesmo, promoverase o coñecemento das cooperativas como elemento de desenvolvemento e de progreso social.

Con respecto ao emprendemento e autoemprego, apostarase por axudas para a creación de cooperativas entre a mocidade e as mulleres e favorecerase unha maior presenza das socias nos órganos de dirección.

Así mesmo, fomentárase o cooperativismo como oportunidade de autoemprego para persoas con discapacidade, ao tempo que se consolidará unha oferta estable de actividades formativas dirixidas a persoas desempregadas. Neste eido tamén se prestará especial atención ao emprendemento no ámbito local potenciando a rede Eusumo ou apoiando iniciativas de economía social que poidan xurdir desde o movemento veciñal.

Gañar tamaño, innovar e abrirse a novos mercados

Doutra banda, propónse para a mellora da xestión e da competitividade o impulso de proxectos de innovación centrados en procesos tecnolóxicos, ambientais, sociais e culturais; a implantación de sistemas de certificación de calidade ou o apoio ás iniciativas de axuste de custos, axudando a reordenar as estruturas de cooperativas que o necesiten impulsando o seu crecemento desde o punto de vista do tamaño, a capacidade industrial e loxística e os recursos humanos.

Esta iniciativa da Consellería facilitará, así mesmo, a apertura de mercados ás cooperativas apoiando a internacionalización das de pequena e mediana dimensión e a innovación da política comercial. Fomentárase a utilización de novos modelos para impulsar as vendas en liña de produtos e servizos, especialmente nas pequenas cooperativas. Neste senso, estudarase a viabilidade dunha plataforma comercial multi-produto conxunta con catálogos compartidos ou do uso de sistemas de e-commerce conxunto mediante un mesmo operador loxístico especializado.

Financiamento

A área de financiamento engloba diferentes actuacións encamiñadas a mellorar a xestión e a capacidade das cooperativas, facilitándolles o acceso a instrumentos financeiros tradicionais e alternativos. Promoverase a mellora da cultura financeira nos cadros de xestión, a formación especializada en xestión financeira ou editarase en formato dixital unha guía do financiamento cooperativo. Tamén se estudarán posibles mecanismos que permitan axilizar o cobramento das axudas.

Por último, mellorarase a resposta das administracións ante as necesidades do sector cooperativo impulsando, entre outros, a simplificación de trámites.

A aprobación desta Estratexia enmárcase na aposta do Goberno galego polo emprendemento, ao que destina este ano 40 millóns de euros, e, polo cooperativismo e Economía Social, un sector que aglutina a máis de 7.000 entidades e 320.000 persoas. Así, recentemente aprobouse o Proxecto de Lei de Economía Social de Galicia que ten como principal obxectivo regular ao sector, promovendo especialmente o cooperativismo xuvenil e ofrecendo grandes posibilidades para contribuír ao crecemento económico de Galicia desde o rural.

GALICIA INICIARÁ O 1 DE ABRIL A VACINACIÓN FRONTE Á VARICELA A UNHA IDADE MÁIS TEMPERÁ NO CALENDARIO DE VACINACIÓN INFANTIL

- *Comeza a vacinar da primeira dose de todos os nenos nados a partir do 1 de xaneiro de 2015 a medida que vaian cumprindo 15 meses*
- *Mantén a vacinación de preadolescentes de 12 anos e de grupos de risco, que xa se viña facendo con anterioridade*
- *As doses adquiridas para facer fronte a esta vacinación neste ano 2016 son 25.455 e o custo desta medida suporá un total de 516.227,40 euros*

O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou esta mañá o Consello da Xunta do inicio da vacinación infantil de varicela aos 15 meses a partir do 1 de abril deste 2016, ao mesmo tempo que mantén a vacinación que se viña facendo a preadolescentes de 12 anos que non padeceron a enfermidade, así como dos grupos de risco.

Comézase deste xeito a vacinación da primeira dose de todos os nenos nados a partir do 1 de xaneiro de 2015 a medida que vaian cumprindo a idade indicada de 15 meses. A segunda dose incorporárase no calendario vacinal infantil a medida que estes nenos vaian cumprindo 3 anos.

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no seo da Ponencia de Programas e Rexistro de Vacinacións e da propia Comisión de Saúde Pública en xullo de 2015 recomendou a introdución da vacina fronte á varicela no calendario común de vacinación infantil no ano 2016.

Mantense a vacinación que se viña dando aos 12 anos

O programa manterá, ademais, a vacinación establecida dende o ano 2005 para os preadolescentes susceptibles aos 12 anos, aqueles que ao chegar a esta idade non pasaron a enfermidade ou non están previamente vacinados.

Tamén recibirán a vacina as persoas susceptibles, de calquera idade, incluídas nos grupos de poboación con alto risco de padecer a enfermidade ou as súas complicacións. Estes grupos son mulleres susceptibles en idade fértil, non embarazadas; pais de nenos susceptibles e sen historia de contacto domiciliario previo cun caso de enfermidade; profesionais sanitarios susceptibles; profesores, traballadores de gardarías e outro persoal susceptible con risco elevado de varicela grave; vacinación postexposición; e persoas que pola súa situación clínica teñen alto risco dunha varicela grave ou das súas complicacións.

Adquisición de vacinas

A Consellería de Sanidade xa adquiriu para este ano 2016 un total de 25.455 doses e o custo desta medida suporá un total de 516.227,40 euros, dos cales corresponden 304.078 euros ás doses necesarias para a incorporación desta vacina aos 15 meses.

O custo desta medida viuse reducido despois dunha negociación do Ministerio e CCAA para a adquisición deste produto a un prezo de 19,50 euros (sen IVE), o que supón un considerable aforro sobre o prezo a que se estaba adquirindo (27,5 euros sen IVE).

Paralelamente, a Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios (AEMPS) autorizou a venda en farmacias para estas vacinas, e os laboratorios comezaron a súa distribución desde o principio deste mes de febreiro. Con esta medida facilítase a vacinación daquelas persoas en idades que non cobre o Programa galego de vacinacións.

O AGRO GALEGO RECIBIRÁ UNHA INXECCIÓN DE 84 MILLÓNS DE EUROS ATA 2020 NO MARCO DO PROGRAMA LEADER

- *O Consello da Xunta activou hoxe este programa en Galicia, tras coñecer un informe da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) sobre as súas bases reguladoras*
- *A partir de agora comezará o proceso para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR)*

O agro galego beneficiarase dunha achega de 84 millóns de euros no marco do programa de desenvolvemento rural Leader ata o ano 2020. O Consello da Xunta activou hoxe este programa en Galicia, tras coñecer un informe da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) sobre as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR). Estas entidades traballarán en calidade de colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, cun financiamento do 75% do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020

Logo da publicación destas bases reguladoras, os territorios rurais poderán iniciar os procesos participativos, para conformar os GDR e definir a súas estratexias para a posterior implementación das axudas.

O elemento esencial da metodoloxía Leader é que se trata de “procesos de abaixo cara arriba”, é dicir, as estratexias ou programas específicos de desenvolvemento rural defínense no ámbito local do territorio, e as decisións sobre as liñas concretas de aplicación das axudas e mesmo dos proxectos que se financian son tomadas nese mesmo ámbito por partenariados de axentes públicos e privados (na súa maioría privados, por exixencia do programa).

Dentro desta planificación, nos vindeiros 4 meses está previsto que se constitúan os GDR, entidades sen ánimo de lucro, con socios públicos e privados que seleccionan os proxectos que lles permiten levar a cabo a súa estratexia de desenvolvemento. En total serán 24 os grupos de desenvolvemento rural que se formarán.

Os principais obxectivos do programa Leader para o período 2014-2020 son o de mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural e dotar servizos para a poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida da poboación rural, a inclusión social e a redución da pobreza.

Con estes investimentos tamén se persegue favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos/as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores etc., así como garantir a sustentabilidade da actividade no medio rural, mediante un coidado e utilización adecuada dos recursos naturais.

Outros obxectivos pasan por potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e por contribuír á concienciación e ao fomento da necesidade de pasar a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático, fomentando a utilización de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

O VALOR ECONÓMICO DAS VENDAS DE PEIXE E MARISCO NO 2015 É O MÁIS ALTO DOS ÚLTIMOS CATRO ANOS E ACADOU OS 457 MILLÓNS DE EUROS

- *Estes datos extráense do informe que avanza resultados das vendas nas lonxas galegas, presentado hoxe no Consello da Xunta*
- *Esta facturación obtida o ano pasado é case un 6% superior á rexistrada no 2014 e correspóndese coa cantidade de 180.300 toneladas de peixe e marisco*
- *As lonxas da Coruña, Vigo, Ribeira, Burela e Celeiro concentran preto do 80% da cantidade total vendida e preto do 75% do importe total xerado polas vendas*
- *A principal en termos de facturación foi a pescada, que supuxo o 37% no total das vendas cun importe de máis de 131 millóns de euros*

O valor económico das vendas de peixe e marisco no 2015 é o máis alto dende o 2012 e acadou os 457 millóns de euros. Este dato extráese dun informe que avanza resultados das vendas realizadas nas lonxas galegas o ano pasado e que foi presentado hoxe no Consello da Xunta.

Esta facturación obtida o ano pasado é case un 6% superior á rexistrada no 2014 e correspóndese coa cantidade de 180.300 toneladas de peixe e marisco. Segundo explica o informe, este incremento débese ao bo comportamento das vendas de peixes e bivalvos. De feito, o grupo dos peixes é o que ten maior peso na facturación total de vendas das lonxas e representa máis dun 77%. Séguelle o grupo dos bivalvos, cun 14%.

Atendendo á distribución xeográfica das vendas, o informe sinala que as lonxas da Coruña, Vigo, Ribeira, Burela e Celeiro concentran preto do 80% da cantidade total vendida e preto do 75% do importe total xerado polas vendas. No grupo de moluscos bivalvos como a ameixa ou o berberecho, entre outros, destacan as lonxas da zona de Arousa e as da zona de Muros.

En canto ás especies, o ano pasado a principal en termos de facturación foi a pescada e supuxo o 37% no total das vendas cun importe de máis de 131 millóns de euros, que se corresponde cunha cantidade vendida de 32.500 toneladas. Case o 70% do total vendido desta especie nas rulas galegas procede das lonxas de Burela e Celeiro.

A segunda especie que rexistrou maior facturación nas lonxas galegas foi o peixe sapo, con vendas que superaron os 43 millóns de euros e segundo especifica o informe, preto do 80% do importe total se obtivo na lonxa de Vigo. Outra especie que destaca a nivel de facturación é a ameixa xaponesa, da cal o ano pasado se venderon nas lonxas máis de 1.800 toneladas por importe de 13,6 millóns de euros. Tamén o berberecho, cunhas vendas que ascenderon a máis de 2.600 toneladas e 13,4 millóns

de euros e o polbo, con máis de 1.700 toneladas vendidas por valor de máis de 10 millóns de euros.

Os datos deste informe son provisionais e proceden das notas de venda emitidas nas lonxas galegas, información que transmiten diariamente á Consellería do Mar e que se publica na Plataforma Tecnolóxica da Pesca da web www.pescadegalicia.gal. Os definitivos publicaranse no anuario de pesca que estará dispoñible neste espazo web.

OS TEMPORAIS CAUSARON DANOS NAS INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS POR IMPORTE DE MÁIS DE 768.000 EUROS NO QUE VAI DE ANO EN GALICIA

- *Portos de Galicia contabilizou un total de 75 incidencias por mor dos fenómenos meteorolóxicos adversos, das cales 4 delas están atendidas, 19 en execución e o resto están seguindo os trámites preceptivos habituais que se realizan antes do inicio dos traballos de reparación*
- *O ente público fixo unha primeira avaliación dos danos producidos para proceder á súa reparación o antes posible e en canto as condicións climatolóxicas o permitan*

Os temporais causaron danos nas infraestruturas portuarias por importe de 768.482 euros desde comezos de ano en Galicia. Así o reflicte o informe presentado hoxe no Consello da Xunta, no que se amosa unha primeira avaliación dos danos producidos nos peiraos feita polo ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería do Mar.

Neste sentido, o ente público rexistrou un total de 75 incidencias por mor dos fenómenos meteorolóxicos adversos que afectaron a nosa comunidade desde o comezo do ano. Do total destas incidencias, 4 delas están atendidas, 19 en execución e o resto están seguindo os trámites preceptivos habituais que se realizan antes do inicio dos traballos. O ente público procederá a executar as reparacións de todos os danos producidos o antes posible e en canto as condicións climatolóxicas o permitan.

Do total das incidencias, 35 rexistráronse na zona comprendida entre Pontedeume e Rianxo, por un valor de 350.668 euros, 27 foron na zona que vai de Pontecesures ata Tui por valor de 156.636 euros e 11 producíronse na zona de Ribadeo ata Ares valoradas en 245.218 euros. Tamén se contabilizaron outras 2 incidencias relacionadas cos balizamentos por un importe de 15.960 euros.

Atendendo ao caso concreto dos temporais que afectaron a nosa comunidade os pasados luns 8 e martes 9 de febreiro, Portos de Galicia rexistrou 9 incidencias nos portos de Fisterra, Laxe, Camelle, Celeiro, Cariño, Foz e San Cibrao. O valor económico destes danos sitúase arredor dos 87.000 euros.

As incidencias rexistradas, na súa maioría leves, están relacionadas con roturas de pantaláns, brazos de amarre, desprendementos de *fingers*, traslados de area, desprazamentos de bloques de formigón e pequenas reparacións e limpeza.